MANUAL DE USO PARA O ALUMNADO

Este traballo é **un banco de textos escritos polas nosas poetas** que pretende:

- que amplíes, repases e revises algúns contidos da materia de Literatura Castelá
- e que reflexiones sobre a escasa visibilidade das nosas poetas nos libros de texto.

O que che ofrece a nivel teórico o podes atopar no teu libro de texto ou en calquera plataforma pero o que che ofrece dende o punto de vista práctico (textos escritos por autoras españolas dos séculos XX e XXI) seguro que non o atopas. **Por que non o comprobas?**

Este traballo sobre a poesía e as poetas está orientado a traballar na aula de xeito presencial, o profesor ou profesora explicará os diferentes aspectos e comentaredes os exemplos. **Sorprenderaste coa cantidade de autoras que non coñeces nen sequera oíches nomear.**

Pero na casa podes voltar sobre os aspectos explicados e realizar algunha das actividades que se propoñen porque hai solucionario e podes comprobar se o realizaches de xeito correcto. Tamén poderás navegar por diferentes enlaces que conducen á información sobre a vida e a obra das diferentes autoras así poderás saber delas. É moi sinxelo e podes acceder facilmente aos contidos desexados, porque presentan un esquema de navegación a modo de índice, isto permite unha progresión temática e un sistema de almacenamento dos recursos moi visual. **Xa verás que doado che resulta!**

Algunhas das actividades están pensadas para traballar en grupo na aula, dirixidas polo profesor ou profesora.

Así que temos un pouco de todo: actividades, teoría, creación, textos, audicións, vídeos, fotos...

Exelearning é unha ferramenta de autor que pode ser reproducida con calquera navegador web. É unha aplicación multiplataforma capaz de funcionar en Linux, Windows, IOS. O ideal é que este recurso estea colgado na aula virtual do centro e poidas acceder sempre que queiras como se de un libro de texto virtual se tratara e ... non tés que cargar con el na carteira!